

14ª Etapa IX Copa de España de Augas Abertas RFEN XX Circuito Galego Arzúa Ulloa Augas Abertas



W

A

TEA

TRAVESÍA

10
AGO

- > Premios en metálico
- > Probas Federadas, Adaptadas e Populares



Streaming



VIII TRAVESÍA VILA DO TEA

1.- ORGANIZACIÓN

Correrá a cargo do Club Natación Ponteareas coa colaboración do Concello de Ponteareas.

A proba rexeráse polo presente regulamento particular, Normativa FEGAN de Augas Abertas, Normativa de Competición de Augas Abertas da Federación Española de Natación e Normativa FINA de Augas Abertas.

A proba estará controlada polo Comité Galego de Árbitros da Federación Galega de Natación, sendo a súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso arbitral que apareza no desenvolvemento da mesma.

A proba estará incluída dentro do XX Circuito Galego de Augas Abertas e da IX Copa de España de Augas Abertas Open.

2.- DATA E HORA:

Sábado, 10 de agosto.

- Sesión de mañá: a partir das 10:30 horas.

- Sesión de tarde: a partir das 16.00 horas.

***Consultar apartado 9 - Estimación horaria.*

3.- CATEGORÍAS

En cada categoría diferenciaranse sexo masculino e sexo feminino.

1- **MÁSTER/POPULAR 3600m** – Deportistas nados en 2004 e anteriores. Percorrido: 3600m. **Proba puntuable para o XX Circuito Galego de Augas Abertas Máster e a IX Copa de España de Augas Abertas Open Máster.**

Establécese un tempo máximo de 1 hora e 30 min. dende a chegada do primeiro nadador e nadadora para rematala proba.

Estipúlanse 4 subcategorías:

1- Máster 1- nados de 2004 a 1985.

2- Máster 2- nados de 1984 a 1975.

3- Máster 3- nados de 1974 a 1965.

4- Máster 4- nados en 1964 e anteriores.

2- **ELITE 3600m** – Deportistas nados en 2010 e anteriores. Percorrido: 3600m. **Proba puntuable para o XX Circuito Galego de Augas Abertas e a IX Copa de España de Augas Abertas Open.**

Establécese un tempo máximo de 30 min. dende a chegada do primeiro nadador e nadadora para rematala proba.

3- **INFANTIL 1200m** - Deportistas nados en 2009 e 2010. Percorrido: 1200m. Establécese un tempo máximo de 30 min. dende a chegada do primeiro nadador e nadadora para rematala proba.

4- **POPULAR SUB-23 1200m** - Deportistas nados entre 2001 e 2008. Percorrido: 1200m. Establécese un tempo máximo de 30 min. dende a chegada do primeiro nadador e nadadora para rematala proba.

5- **POPULAR SUB-45 1200m** - Deportistas nados entre 1979 e 2002. Percorrido: 1200m. Establécese un tempo máximo de 30 min. dende a chegada do primeiro nadador e nadadora para rematala proba.

6- **POPULAR +45 1200m** - Deportistas nados en 1978 e anteriores. Percorrido: 1200m. Establécese un tempo máximo de 30 min. dende a chegada do primeiro nadador e nadadora para rematala proba.

VIII TRAVESÍA VILA DO TEA

- 7- **INCLUSIVA 1200m** - Nadadores e nadadoras con algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial. Sen distinción de idade. Percorrido: 1200m. Establécese un tempo máximo de 30 min. dende a chegada do primeiro nadador e nadadora para rematala proba.
- 8- **ALEVÍN 600m** - Deportistas nados en 2011 e 2012. Percorrido: 600m.
- 9- **INCLUSIVA 600m** - Nadadores e nadadoras con algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial. Sen distinción de idade. Percorrido: 600m.
- 10- **BENXAMÍN 300m** - Deportistas nados en 2013 e 2014. Percorrido: 300m.
- 11- **INCLUSIVA 300m** - Nadadores e nadadoras con algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial. Sen distinción de idade. Percorrido: 300m.
- 12- **PREBENXAMÍN 100m** - Deportistas nados en 2015 e posteriores. Percorrido: 100m.
- 13- **INCLUSIVA 100m** - Nadadores e nadadoras con algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial. Sen distinción de idade. Percorrido: 100m.
- 14- **REMUDAS MIXTAS ELITE 4x400m** - Equipos de 4 deportistas (2 masculinos e 2 femininos). **Nados en 2010 e anteriores.** Percorrido: 400m (1 volta cada nadador/a).
- 15- **REMUDAS MIXTAS MÁSTER/POPULAR 4x400m**- Equipos de 4 deportistas (2 masculinos y 2 femininos). **Nados en 2004 e anteriores sen licenza federativa ou con licenza MÁSTER.** Percorrido: 400m (1 volta cada nadador/a).

4.- NORMATIVA TRAXES DE BAÑO

En tódalas distancias e categorías serán de rigurosa aplicación no referente á utilización de traxes de baño a Normativa FEGAN de Augas Abertas, a Normativa de Competición de Aguas Abiertas da Federación Española de Natación e a Normativa FINA de Aguas Abiertas. Porén, o presente regulamento permite as seguintes excepcións:

- Os nadadores e nadadoras das probas de 3600m. que **non desexen puntuar no Circuito Galego de Augas Abertas nin na Copa de España de Aguas Abiertas.**
- Todos os que participen no resto de distancias e, no caso de que os regulamentos federativos o consideren obrigatorio, poderán nadar sen traxe térmico (neopreno) optando a premios pese a non puntuar nos circuitos correspondentes.
- Os nadadores que o consideren poderán participar en tódalas probas con traxe térmico (neopreno), mesmo cando os regulamentos federativos non o permitan, clasificando pero sen optar a premios nin a puntuar nos circuitos correspondentes.

5.- PERCORRIDOS

O percorrido das probas ELITE, MÁSTER/POPULAR, constará de tres voltas a un circuito de 1200m. Subida, río arriba, pola marxe da praia fluvial ata unha boia situada a 600m e baixada pola marxe oposta, a do embarcadoiro, deixando tódalas boias do percorrido á man esquerda.

A saída terá lugar dende a agua, amarrados a unha corda que non se poderá soltar ata que o xuíz dea a orde de saída.



A chegada terá lugar nun arco flotante que se deberá tocar coa man na que se leva o chip, tanto nos pasos por meta intermedios como na chegada final.

VIII TRAVESÍA VILA DO TEA

Para as probas INFANTIL, POPULAR SUB23, POPULAR SUB45, POPULAR +45 e INCLUSIVA 1200, o percorrido constará dunha única volta a un círculo de 1200m. Subida, río arriba, pola marxe da praia fluvial ata unha boia situada a 600m e baixada pola marxe oposta, a do embarcadoiro, deixando tódalas boias do percorrido á man esquerda.

A saída terá lugar dende a agua, amarrados a unha corda que non se poderá soltar ata que o xuíz dea a orde de saída.

A chegada terá lugar nun arco flotante que se deberá tocar coa man na que se leva o chip.




O percorrido para as categorías ALEVÍN e INCLUSIVA 600m, constará dunha volta a un círculo de 600m. Subida, río arriba, pola marxe da praia fluvial ata unha boia situada a 300m e baixada pola marxe oposta, a do embarcadoiro, deixando tódalas boias do percorrido á man esquerda.

A saída terá lugar dende a agua, amarrados a unha corda que non se poderá soltar ata que o xuíz dea a orde de saída.

A chegada terá lugar nun arco flotante que se deberá tocar coa man na que se leva o chip.

VIII TRAVESÍA VILA DO TEA



O percorrido para as categorías BENXAMÍN e INCLUSIVA 300m, constará dunha volta a un círculo de 300m. Subida, río arriba, pola marxe da praia fluvial ata unha boia situada a 150m e baixada pola marxe oposta, a do embarcadoiro, deixando tódalas bóias do percorrido á man esquerda.

A saída terá lugar dende a auga, amarrados a unha corda que non se poderá soltar ata que o xuíz dea a orde de saída.

A chegada terá lugar nun arco flotante que se deberá tocar coa man na que se leva o chip.



O percorrido para as categorías PREBENXAMÍN e INCLUSIVA 100m, constará dunha volta a un círculo de 100m. Subida, río arriba, pola marxe da praia fluvial ata dúas bóias situadas a 50m e baixada pola marxe oposta, a do embarcadoiro, deixando tódalas bóias do percorrido á man esquerda.

VIII TRAVESÍA VILA DO TEA

A saída terá lugar dende a auga, amarrados a unha corda que non se poderá soltar ata que o xuíz dea a orde de saída.


A chegada terá lugar nun arco flotante que se deberá tocar coa man na que se leva o chip.



A proba de REMUDAS MIXTAS 4X400 constará dunha volta a un circuíto de 400m. Subida, río arriba, pola marxe da praia fluvial ata unha boia situada a 200m e baixada pola marxe oposta, a do embarcadoiro, deixando tódalas boias do percorrido á man esquerda.

A saída terá lugar dende a auga, onde o primeiro remudista estará amarrado a unha corda que non se poderá soltar ata que o xuíz dea a orde de saída.

Cada equipo terá un lugar asignado no embarcadoiro onde agardarán os restantes compoñentes do equipo. A remuda efectuarase cun toque entre a man e o cóbado. O último remudista levará o chip e terá que realizala chegada no arco flotante, tocando coa man na que leva o chip. Os remudistas 2, 3 e 4 terán dúas boias máis, de paso obrigatorio, na súa saída.



VIII TRAVESÍA VILA DO TEA

6.- PREMIOS *

En cada categoría habrá clasificación masculina e feminina.

1- *ELITE 3600m:*

- 1º Clasificado/a - Trofeo e 250 euros.
- 2º Clasificado/a - Medalla e 150 euros.
- 3º Clasificado/a - Medalla e 100 euros.
- 4º Clasificado/a - Medalla e 60 euros.
- 5º Clasificado/a - Medalla e 50 euros.
- 6º Clasificado/a - Medalla e 40 euros.
- 1º Clasificado/a 1º paso por meta - 50 euros.**
- 1º Clasificado/a 2º paso por meta - 50 euros.**

2- *MÁSTER/POPULAR 1 3600m:*

- 1º Clasificado/a - Medalla e 50 euros.
- 2º Clasificado/a - Medalla e 30 euros.
- 3º Clasificado/a - Medalla e 20 euros.

3- *MÁSTER/POPULAR 2 3600m:*

- 1º Clasificado/a - Medalla e 50 euros.
- 2º Clasificado/a - Medalla e 30 euros.
- 3º Clasificado/a - Medalla e 20 euros.

4- *MÁSTER/POPULAR 3 3600m:*

- 1º Clasificado/a - Medalla e 50 euros.
- 2º Clasificado/a - Medalla e 30 euros.
- 3º Clasificado/a - Medalla e 20 euros.

5- *MÁSTER/POPULAR 4 3600m:*

- 1º Clasificado/a - Medalla e 50 euros.
- 2º Clasificado/a - Medalla e 30 euros.
- 3º Clasificado/a - Medalla e 20 euros.

6- *PREMIO ESPECIAL - VI MEMORIAL MARÍA FERREIRA*

**1ª CLASIFICADA MÁSTER SEN DISTINCIÓN DE CATEGORÍA
(DISTANCIA 3600m)**

7- *ALEVÍN 1200m:*

- 1º Clasificado/a - Medalla.
- 2º Clasificado/a - Medalla.
- 3º Clasificado/a - Medalla.

8- *INFANTIL 1200m:*

- 1º Clasificado/a - Medalla.
- 2º Clasificado/a - Medalla.
- 3º Clasificado/a - Medalla.

VIII TRAVESÍA VILA DO TEA

- 9- *POPULAR SUB23 1200m:*
1º Clasificado/a - Medalla.
2º Clasificado/a - Medalla.
3º Clasificado/a - Medalla.
- 10- *POPULAR SUB45 1200m:*
1º Clasificado/a - Medalla.
2º Clasificado/a - Medalla.
3º Clasificado/a - Medalla.
- 11- *POPULAR +45 1200m:*
1º Clasificado/a - Medalla.
2º Clasificado/a - Medalla.
3º Clasificado/a - Medalla.
- 12- *INCLUSIVA 1200m:*
1º Clasificado/a - Medalla.
2º Clasificado/a - Medalla.
3º Clasificado/a - Medalla.
- 13- *ALEVÍN 600m:*
1º Clasificado/a - Medalla.
2º Clasificado/a - Medalla.
3º Clasificado/a - Medalla.
- 14- *INCLUSIVA 600m:*
1º Clasificado/a - Medalla.
2º Clasificado/a - Medalla.
3º Clasificado/a - Medalla.
- 15- *BENXAMÍN 300m:*
1º Clasificado/a - Medalla.
2º Clasificado/a - Medalla.
3º Clasificado/a - Medalla.
- 16- *INCLUSIVA 300m:*
1º Clasificado/a - Medalla.
2º Clasificado/a - Medalla.
3º Clasificado/a - Medalla.
- 17- *PREBENXAMÍN 100m:*
1º Clasificado/a - Medalla.
2º Clasificado/a - Medalla.
3º Clasificado/a - Medalla.
- 18- *INCLUSIVA 100m*
1º Clasificado/a - Medalla.
2º Clasificado/a - Medalla.
3º Clasificado/a - Medalla.

VIII TRAVESÍA VILA DO TEA

19- REMUDAS MIXTAS ELITE 4x400m:

- 1º Clasificado - Medallas e 200 euros.
- 2º Clasificado - Medallas e 120 euros.
- 3º Clasificado - Medallas e 100 euros.
- 4º Clasificado - Medallas e 80 euros.
- 5º Clasificado - Medallas e 60 euros.
- 6º Clasificado - Medallas e 40 euros.

20- REMUDAS MIXTAS MÁSTER/POPULAR 4x400m:

- 1º Clasificado - Medallas e “UN XAMÓN”.
- 2º Clasificado - Medallas e vale agasallo dun establecemento colaborador.
- 3º Clasificado - Medallas e vale agasallo dun establecemento colaborador.

**Ao importe dos premios económicos aplicaráselles unha redución do 15% correspondente ao IRPF.*

7.- INSCRICIÓNS

As inscricións realizaranse a través da plataforma: <http://www.championchipnorte.com/>

DISTANCIA	CATEGORÍA	ATA O 28 DE ABRIL	ATA O 21 DE XULLO	ATA O 04 DE AGOSTO
100 metros	PREBENXAMÍN	10 EUROS	10 EUROS	10 EUROS
100 metros	INCLUSIVA	GRATUÍTA*		
300 metros	BENXAMÍN	10 EUROS	12 EUROS	12 EUROS
300 metros	INCLUSIVA	GRATUÍTA*		
600 metros	ALEVÍN	12 EUROS	15 EUROS	20 EUROS
600 metros	INCLUSIVA	GRATUÍTA*		
1200 metros	INFANTIL	20 EUROS	22 EUROS	28 EUROS
1200 metros	POPULAR SUB-23	20 EUROS	22 EUROS	28 EUROS
1200 metros	POPULAR SUB-45	20 EUROS	22 EUROS	28 EUROS
1200 metros	POPULAR +45	20 EUROS	22 EUROS	28 EUROS
1200 metros	INCLUSIVA	GRATUÍTA*		
3600 metros	MÁSTER/POPULAR	25 EUROS	30 EUROS	35 EUROS
3600 metros	ELITE	25 EUROS	32 EUROS	40 EUROS
4x300 metros	REMUDAS ELITE	24 EUROS**	32 EUROS**	36 EUROS**
4x300 metros	REMUDAS MÁSTER POPULAR	20 EUROS**	24 EUROS**	28 EUROS**

**As probas inclusivas están reservadas a nadadores e nadadoras con discapacidade física, psíquica ou sensorial. Para formalizala inscrición deberán enviar un e-mail a direcciontecnica@cnpontareas.es*

*** Nas probas de remudas abonarase un extra de 5 euros por cada deportista que no estea inscrito/a na proba individual.*

A devolución de chip+portachip é obrigatoria. Cada chip+portachip non devolto supondrá un custo de 12 euros. As inscricións poden facerse a partir do martes, 5 de marzo de 2024 ata o domingo, 4 de agosto de 2024 ás 23:59 horas na páxina web de *championchipnorte*: www.championchipnorte.es

VIII TRAVESÍA VILA DO TEA

A inscrición inclúe:

- Cronometraje por chip.
- Sistema de videochegada.
- Control de tempos en vivo e directo. Envío de información instantánea ao teléfono móbil de cada participante (tempo en meta, posto, clasificación, ritmo) así como a publicación instantánea nas redes sociais de cada participante.
- Seguro de accidentes para cada participante.
- Camiseta conmemorativa do evento.
- Gorro conmemorativo do evento.
- Seguro de responsabilidade civil.
- Avituallamento postcompetición.

8.- SEGURIDADE

Durante o transcurso da Travesía contaremos coa colaboración dos piragüistas do Club Tea e dunha embarcación a motor da organización. Tamén dispoñemos na zona de saída e chegada dunha ambulancia medicalizada e de voluntarios de Protección Civil de Pontearreas.

9.- ESTIMACIÓN HORARIA

9:00-10:00h- Recollida de dorsais da proba 3600m (MÁSTER/POPULAR).

10:30h- Saída da proba MÁSTER/POPULAR, distancia 3600m.

10:45-11:45h- Recollida de dorsais da proba 3600m (ELITE).

12:15h- Saída da proba ELITE, distancia 3600m.

11:45-12:45h- Recollida de dorsais das probas de 1200m (INFANTIL, POPULAR SUB-23, POPULAR SUB-45, POPULAR +45 e INCLUSIVA).

13:15h- Saída das probas INFANTIL, POPULAR-SUB23, POPULAR SUB-45, POPULAR +45 e INCLUSIVA, distancia 1200m.

13:45h- Entrega de premios.

15:00-15:30h- Recollida de dorsais das probas de 600m (ALEVÍN E INCLUSIVA), 300m (BENXAMÍN e INCLUSIVA) e 100m (PREBENXAMÍN e INCLUSIVA).

15:30-16:00h- Recollida de dorsais da proba REMUDAS 4x400m (MÁSTER/POPULAR).

16:00-16:30h- Recollida de dorsais da proba REMUDAS 4x400m (ELITE).

16:00h- Saída da proba ALEVÍN e INCLUSIVA, distancia 600m.

16:15h- Saída da proba BENXAMÍN e INCLUSIVA, distancia 300m.

16:25h- Saída da proba PREBENXAMÍN e INCLUSIVA, distancia 100m.

16:30h- Saída da proba REMUDAS MIXTAS MÁSTER/POPULAR, distancia 4x400m.

17:00h- Saída da proba REMUDAS MIXTAS ELITE, distancia 4x400m.

17:30h- Entrega de premios.

VIII TRAVESÍA VILA DO TEA

10.- OUTROS ASPECTOS

Establécese un límite de 100 participantes por saída e 50 equipos nas probas de remudas. Ningún nadador/a que participe na proba ELITE poderá participar nas remudas MÁSTER/POPULAR.

En caso de baixa procederemos á devolución total do importe de inscrición ata o 31 de xullo de 2024.

A saída das probas ELITE 3600m e MÁSTER/POPULAR 3600m será independente.

A saída das probas de 1200m, INFANTIL e POPULAR (SUB23, SUB45, +45) e INCLUSIVA será conxunta.

A saída das probas ALEVÍN 600m e INCLUSIVA 600m será conxunta.

A saída das probas BENXAMÍN 300m e INCLUSIVA 300m será conxunta.

A saída das probas PREBENXAMÍN 100m e INCLUSIVA 100m será conxunta.

A saída das probas de REMUDAS ELITE e MÁSTER/POPULAR será independente.

Os nadadores deberán colocalo chip no lugar indicado pola empresa de cronometraxe.

Nas probas de REMUDAS haberá un único chip por equipo que levará o último remudista, colocado no lugar indicado pola empresa de cronometraxe.

Nas probas de REMUDAS poderán realizarse substitucións ata o mesmo día da proba, ata media hora antes do comezo da competición, pero sempre con nadadores ou nadadoras inscritas na proba individual.

Admitiranse inscricións de REMUDAS no mesmo día da proba, sempre que os catro deportistas estean inscritos na proba individual.

A organización reserva o dereito de expulsar a calquer participante que atente contra a correcta mecánica da competición, a boa convivencia ou a seguridade.